

SOLUCIONES INNOVADORAS IMÁSDE, S.L.



“A utilización de células propias cultivadas era unha técnica moi esperada polos cirurxans”

María Estévez Forneiro

Datos básicos

Actividade:	I +D aplicado á cirurxía estética
Sector de actividade	Actividade de asesoría, consultoría e investigación
Nº empregados	3
Inversión inicial	56.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado a través dun préstamo, unha subvención pública á explotación e con fondos propios.
Web:	www.solucionesimasde.com
Municipio:	Santiago de Compostela, A Ano 2007 Coruña creación:

Descrición do proxecto

IMÁSDE é unha proposta de empresa de base tecnolóxica dentro do sector da biotecnoloxía e dirixida á cirurxía estética.

No mercado da estética existen diferentes técnicas para reducir os signos da idade na cara. En particular, a empresa desenvolveu o proxecto "Eliminación das engurras da cara, cicatrices e acné, con células propias cultivadas"

As solucións convencionais para lograr o rexueneceamento facial baséanse, na maioría dos casos, en tratamentos de inxección de distintos materiais. No en tanto, unha característica deste tipo de materiais é que adoitan implicar problemas clínicos asociados, de maior ou menor intensidade.

Os produtos alternativos ao que Imásde ofrece son basicamente a inxección de coláxeno, a inxección de botox, o implante de silicona, tratamentos químicos, a inxección de graxa humana e outros tratamentos de láser e cosmética facial.

Imásde desenvolveu técnicas que permiten este mesmo tratamento rexueneceador sen os riscos asociados ata o de agora: tratamentos agresivos, reaccións alérxicas, etc. IMÁSDE dispón dunha biotecnoloxía celular selectiva que da solución a este problema.

O obxectivo da empresa é utilizar, de cada persoa, as súas propias células (autólogas) da pel, cultivalas para inxectalas posteriormente, e eliminar engurras da cara, cicatrices e marcas de acné.



Datos empresa

Claves do éxito

Creo que as claves fundamentais son as seguintes:

- Novidade Tecnolóxica.
- Posibilidade de entrada no mercado.
- Debilidade da competencia

E canto a características innovadoras, a utilización de células propias cultivadas para retirar as engurras da pel, cicatrices e marcas de acne, é unha técnica moi esperada polos cirurxiáns posto que ten todas as vantaxes competitivas fronte aos métodos tradicionais existentes, e son as seguintes:

- A inxección non produce rexeitamento
- É natural. Son células propias
- Mantén a expresión da cara
- Ten maior duración que os métodos da competencia
- As células gárdanse conxeladas para inxeccións futuras

Desenvolveuse un Plan de Protección Industrial, cuxa ferramenta fundamental de protección é a patente biotecnolóxica.

Esta protección industrial usarase para protexer a nosa tecnoloxía, facendo así que este proxecto sexa sostíbel no futuro.

A seguir detállanse varias das características deste sistema que lle confiren unha calidade absolutamente innovadora:

- En só 3 sesións mantéñense resultados durante un máximo de 7 anos.
- Non provoca rexeitamento inmunolóxico nin reacción alérgica.
- Consiste nun tratamento personalizado, no que se utilizan as propias células do paciente.
- Máxima calidade dos materiais implantados.
- Máxima eficacia do tratamento, resultados óptimos e prolongados.
- Tratamento desenvolvido polos mellores especialistas de España.
- Mecanismo natural.
- Ampla aplicación en calquera área da cara.
- Tratamento non abrasivo.



Datos empresa

Claves do éxito

- Inxección en capas dérmicas superficial, media e profunda.
- Extracción de pequena biopsia de 1 a 3 mm.
- Non existe risco de enfermidade posterior.
- Posibilidade de tratamentos posteriores.
- Non é necesario unha inxección profunda.
- Post-operatorio sinxelo.
- Distribución uniforme sen formación de vultos.
- Non provoca efectos secundarios de parálise facial.
- Aplicación sinxela.
- Lexislación vixente favorable ao desenvolvemento da tecnoloxía.
- Banco de reserva das células do paciente para usos futuros

Situación actual

De momento estou moi satisfeita coa marcha da empresa e as súas posibilidades. Imásde foi galardoada co Premio Compostela Activa Iniciativa Empresarial promovida por mulleres e polo Premio "Unha Galicia Moderna", como Iniciativa de Base Tecnolóxica.

Perfil cliente

Os clientes potenciais do noso tratamento son o sector da poboación con alto poder adquisitivo. Estímase unha porcentaxe dun 2% de mulleres e un 0,5% de homes como clientes potenciais. Hai que ter en conta que España sitúase á cabeza de Europa no que fai a tratamentos estéticos. Tan só durante o ano 2004, o número de intervencións estéticas foi de 300.000. E no ano 2003, a facturación total por intervencións estéticas en territorio español foi de 895 millóns de euros, experimentando un crecemento anual superior ao 8.2%. Outros datos importantes son que dende o ano 1992 ata a actualidade este mercado aumentou un 150%, e que as técnicas dirixidas ao home supuxeron un crecemento do 100%, mentres que o crecemento en mulleres durante o mesmo período foi do 14%. Estes resultados levan á conclusión de que se trata dun mercado en plena expansión e cun potencial de crecemento moi importante.



Idea inicial

A idea para o desenvolvemento da proposta empresarial xorde dende o traballo investigador realizado en colaboración cos departamentos de Microbioloxía e Parasitología e Farmacología da Universidade de Santiago de Compostela. Deste desenvolvemento investigador obtéñense resultados que poden ser explotables industrialmente, nun nicho de mercado que carece de solucións innovadoras que permitan ofrecer produtos altamente tecnolóxicos. Ademais, identifiquei elementos favorables do contorno para a posta en marcha desta idea:

- Un mercado en crecente aumento (cada vez, un maior número de clientes sométense a operacións de cirurxía estética)
- Unha maior "especialización" no sector, debido a requirimentos das pacientes
- Un crecemento do sector poboacional con elevado poder adquisitivo
- Un aumento do gasto en produtos para a mellora do aspecto físico
- Un aumento da preocupación polo aspecto físico, tanto en homes como en mulleres
- É un sector en ampla expansión, dentro e fóra de España
- Os clientes de técnicas de cirurxía estética busca produtos novos, como por exemplo, produtos que eviten o rexeitamento inmunolóxico ou que logren unha maior duración do efecto na pel
- O sector da cirurxía estética ten unha ampla distribución nas principais cidades españolas.

A partires da análise do meu proxecto e do contorno, decidínme a materializalo nunha empresa.

Principales dificultades y amenazas futuras

Non se detectaron.

Perfil promotores

A promotora é Licenciada en Bioloxía, Máster en Enxeñería Biotecnolóxica e doutorando coa tese "A Protección Xurídica das Patentes Biotecnolóxicas". Aporta ademais experiencia profesional en proxectos de I+D universitario e en contratos de I+D de especial relevancia con empresas desde a universidade. Ten un contrato de I+D en empresa privada sobre o desenvolvemento de péptidos cíclicos con actividade antibiofilm.

Traballa ademais na titorización no programa de Emprendedores en Proxectos Biotecnolóxicos BIC Galicia – Xenoma España e desenvolve a xestión técnica do Cluster de Biotecnoloxía de Galicia e a Plataforma Tecnolóxica de Galicia.

No que fai a experiencia empresarial, é promotora da empresa Bioquorum SL. Biotecnoloxía Farmacéutica e da empresa Solucións Innovadoras Imásde SL. Biotecnoloxía Rexeneración Tisular.



Aptitudes necesarias

Capacidade de traballo.
Capacidade de resolución de problemas.
Capacidade de xestión.

Guía de Actividad

I+D (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

A independencia que proporciona O reto que supón
Dedicarme ao que me gusta

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

Si, participei no Programa Emprendedores de IGAPE – BIC GALICIA

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si.

Anecdotario

Non dispoñible.

